

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA” PARA O ANO 2018

A Xunta de Goberno desta Deputación acordou, na sesión do 10 de novembro de 2017, aprobar as bases reguladoras do programa “Depo en marcha” para o ano 2018.

BASES DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA” 2018

O artigo 2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha a segunda edición do programa “Depo en marcha” para o ano 2018, de acordo coas seguintes

B A S E S

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación do programa “Depo en marcha” 2018. Este ten por finalidade favorecer o envellecemento activo das persoas maiores da provincia de Pontevedra a través de distintos obradoiros que axuden a optimizar as oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a súa calidade de vida; establecer relacións sociais e fomentar a participación en actividades que melloren o seu estado anímico; potenciar movementos de participación e de cooperación social; promover espazos de encontro e intercambio de experiencias, e favorecer a súa independencia para evitar o illamento e situacións de soidade.

A institución provincial convoca este programa no marco do benestar social e de actividades de lecer e de tempo libre dirixido ás entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas, ofrecendo inicialmente un total de 100 obradoiros, que poderán verse incrementados en función do prezo da adxudicación por obradoiro resultante do proceso de licitación que se convoque.



Segunda. Entidades beneficiarias

2.1. Poderán ser beneficiarias do programa as entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra que cumpran algún dos seguintes requisitos:

Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra

As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados

Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas, non recollidas nas anteriores

Entidades que, sen estar rexistradas nas categorías anteriores, xustifiquen o seu labor no ámbito das persoas maiores

2.2. Todas as solicitudes presentadas por entidades de mulleres ou outras entidades que realicen actividades no campo da muller que xustifiquen o seu labor no ámbito das persoas maiores poderán participar nesta convocatoria. Con todo, o Servizo de Cohesión Social, de oficio, comprobará que o proxecto presentado non é coincidente co que presentasen na convocatoria específica do Servizo de Igualdade.

2.3. As persoas maiores que sexan socias das entidades adxudicatarias terán preferencia na inscrición nos obradoiros.

2.4. Poderán beneficiarse do programa, e por tanto participar nos obradoiros, persoas non socias destas entidades sempre que existan prazas vacantes de acordo co procedemento establecido nestas bases.

2.5. As entidades solicitantes consenten, ao solicitar este programa, que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da institución provincial. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter os datos das entidades que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, e poderán ser incluídos na páxina web.

Terceira. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

3.1. As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro e no Rexistro electrónico sede.depo.es, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

En caso de realizarse o envío por correo postal (ao Rexistro da institución provincial), este deberá ser certificado co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.



3.2. As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas, para todos os efectos, no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

Cando a solicitude se remita por correo postal deberase enviar con anterioridade ao seguinte correo electrónico: cohesionsocialexuventude@depo.es.

3.3. As bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e, posteriormente, remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción en www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

3.4. O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e finalizará en 20 días naturais.

Se o último día do prazo coincidise en festivo, este prorrogase ata o seguinte día hábil.

Cuarta. Documentación

4.1. As solicitudes deberán formalizarse seguindo o modelo (núm. 231.005) que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da súa oficina de Vigo e en www.depo.gal.

4.2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Copia do CIF da entidade

Copia do DNI da presidenta ou presidente

Certificado da acreditación do cargo ou copia da acta de constitución da Xunta Directiva. (Modelo núm. 231.060)

Memoria xustificativa das actividades e do labor levado a cabo no ámbito das persoas maiores (só necesaria para aquelas entidades integradas no punto 4 da base segunda, sobre persoas beneficiarias). (Modelo núm. 231.061)

De acordo co establecido no artigo 68.1 da LPACAP, se a solicitude estivese indebidamente cuberta ou se non se presentase a documentación esixida, requirirase por escrito á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se non o fai, a súa petición se considerará desistida.

Quinta. Condicións do programa

5.1. Este programa está dirixido principalmente á terceira idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. En caso contrario, o obradoiro non se poderá iniciar.



Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

5.2. Só poderá concederse un obradoiro por entidade.

5.3. Cada obradoiro terá un custo de seis (6,00) euros por participante, que deberán ser aboados da maneira establecida na base sétima.

5.4. Os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata cumprir o número de horas.

En caso de querer modificar as horas semanais ou de non alcanzarse o número mínimo de participantes, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación para buscar outras opcións antes de anular a actividade formativa.

5.5. O número máximo de prazas virá determinado pola especialidade do obradoiro e poderá variar entre as 20 e as 25 (consultar o catálogo de obradoiros en www.depo.gal).

Para realizar calquera obradoiro será necesario reunir un mínimo de 15 persoas inscritas.

Durante o transcurso da formación o número de alumnas e alumnos non poderá baixar de 10; se o fai, a empresa adxudicataria deberá informar o Servizo de Cohesión Social e Xuventude o máis axiña posible. Unha vez valorada a información presentada pola empresa o Servizo tomará a decisión final sobre a cancelación ou non dun curso.

No caso de que as persoas socias non cubran todas as prazas ofertadas, a entidade solicitante deberá aceptar as persoas non socias que previamente solicitasen participar no obradoiro do que se trate. A este efecto, as persoas non socias deberán contactar directamente coa entidade co obxecto de anotarse ao obradoiro que lles interese.

5.6. En caso de querer ampliar o número máximo de prazas a entidade deberá presentar a súa solicitude de ampliación, de forma motivada, remitíndoa ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, á dirección electrónica cohesionsocialexuventude@depo.es.

O Servizo valorará, conxuntamente coa empresa adxudicataria, a ampliación solicitada atendendo ás condicións do obradoiro, coma o local no que terá lugar, os contidos e as persoas destinatarias, entre outras.

5.7. Cada entidade poderá escoller un obradoiro de entre os ofertados no catálogo, o que supón a aceptación das seguintes obrigas, que lle corresponden como entidade participante:

Proporcionar unha aula que conte coas características adecuadas para o desenvolvemento da actividade formativa (espazo, mobiliario, ventilación, medios materiais e iluminación, entre outras). No caso de que o local non reúna os requisitos mínimos esixidos, anularase a actividade. Neste caso, a entidade poderá solicitar calquera outro obradoiro que figure no catálogo ofertado

Informar o alumnado do material que deberá levar

5.8. Unha vez concedido o obradoiro, a entidade solicitante terá a obriga de enviar a relación definitiva de participantes á empresa adxudicataria (modelo núm. 231.065), a través de correo

electrónico ou de calquera medio que permita a súa recepción, respectando como mínimo que o envío se reciba DEZ DÍAS (10) hábiles antes do inicio da actividade. Nela teñen que figurar os nomes e os apelidos das persoas asistentes, o número de DNI, a idade e o teléfono de contacto de cada unha delas, entre outros datos. É necesario presentar como mínimo as inscricións de 15 persoas para levar a cabo o obradoiro. Pola contra existirá a opción de completar o número de participantes con aquelas persoas non socias que presentasen a correspondente solicitude.

5.9. As entidades terán ata o 31 de decembro de 2018, inclusive, para realizar as 30 horas do obradoiro escollido.

Sexta. Obrigacións das entidades participantes

6.1. A entidade solicitante autorizará a institución provincial a publicar os datos de contacto e o lugar no que levará a cabo o obradoiro, co fin de que as persoas que non sexan socias poidan contactar con ela no caso de estar interesadas.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde levará a cabo o obradoiro escollido, co fin de poder verificar que o local reúne as condicións óptimas para o seu correcto desenvolvemento.

6.2. As entidades deberán escoller un dos obradoiros do catálogo que estará dispoñible en www.depo.es tendo en conta os materiais que deberán levar as persoas participantes e as características que deberán ter as instalacións segundo o obradoiro escollido.

6.3. As persoas participantes deberán levar os materiais recolleitos no catálogo baixo o epígrafe “Materiais que levará o alumnado”.

6.4. As persoas participantes deberán asinar o primeiro día de inicio do curso a recepción do material que debe proporcionar a empresa, tamén recollido no catálogo.

6.5. As entidades participantes no programa non poderán esixir ningunha cota ou calquera outra contía, excepto o pago de seis (6,00) euros estipulado nestas bases, ás persoas que realicen a acción formativa.

No caso de que se advirta esta práctica, a entidade será sancionada e non poderá participar na edición seguinte, sen prexuízo das responsabilidades que legalmente lle correspondan.

Sétima. Obrigacións das persoas participantes

7.1. As persoas participantes de cada obradoiro deberán abonar a cantidade de seis (6,00) euros e serán responsables de levar os materiais esixidos, se así fose necesario (ver catálogo).

Esta cantidade só poderá ser reintegrada no caso de que exista un motivo debidamente xustificado que impida á persoa participante asistir á acción formativa. Estas baixas deberán ser acreditadas documentalmente.



7.2. O día no que se inicie cada actividade formativa a persoa responsable ou representante da empresa adxudicataria encargarse de recoller a cota de seis (6,00) euros de cada participante, salvo que ambas as partes acordasen outro medio para facer efectivo o pago: transferencia bancaria, cheque bancario ou calquera outro medio admitido en dereito, sempre que se deixe constancia do número de persoas que fan o pago en cada un dos obradoiros.

7.3. O alumnado deberá levar o material requirido no catálogo para a acción formativa escollida, polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de que materiais se debe dispoñer.

7.4. As persoas participantes asinarán voluntariamente a súa autorización de cesión dos dereitos de imaxe para permitir así a obtención de fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

7.5. Unha vez finalizada a acción formativa entregarase a cada participante un diploma acreditativo da formación recibida, sempre que se cumpran os requisitos de asistencia e se presente o DNI.

A entrega dos diplomas poderá realizarse ao final de cada acción ou á finalización do programa. Neste último caso realizarase unha clausura e a entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Para a obtención do diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas.

Oitava. Obrigas da empresa adxudicataria

8.1. A institución provincial ofertará os obradoiros a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

A empresa adxudicataria encargarse de achegar os seguintes elementos para cada obradoiro:

- Docentes coa titulación esixida nos pregos
- Cartafol do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafos e fotocopias. Todos os materiais didácticos necesarios para a boa execución do obradoiro
- Equipamento específico recollido no catálogo, material necesario para facer exemplos prácticos na aula e materiais básicos para a realización do curso
- No caso de que a entidade non dispoña de cociña ou de equipos informáticos, a empresa será quen os facilite cando as instalacións cumpran cos requisitos esixidos e exista a posibilidade de que permanezan instalados na aula durante o tempo que dure a actividade sen risco de que sexan manipulados por persoas alleas

A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar coa persoa responsable da entidade solicitante de cada obradoiro os seguintes puntos:



- O lugar de impartición do obradoiro. Será a entidade a que deberá dispoñer do local
- A solicitude da relación definitiva de participantes (como mínimo unha semana antes do inicio do curso)
- As comunicacións necesarias á Deputación, á entidade e ao persoal docente para informar do día, hora e lugar en que se levará a cabo a actividade formativa

Novena. Procedemento de concesión

9.1. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderá á Xunta de Goberno. Excepcionalmente e por razóns de urxencia xustificada poderá autorizarse mediante unha resolución da deputada delegada de área, que dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

9.2. O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. No caso de que o número de solicitudes exceda o número de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

1) Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra

2) As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados

3) Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores

4) Entidades que, sen estar rexistradas nas categorías anteriores, xustifiquen o seu labor no ámbito das persoas maiores

Terase en conta a orde de presentación das solicitudes en cada categoría.

Tendo en conta a orde aprobada cubrirase de forma inicial un máximo de 100 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de espera. Para aquelas entidades que se atopan en lista de espera, a concesión farase seguindo a orde de prelación establecida no parágrafo anterior.

No caso de que os obradoiros ofertados non queden cubertos, esta institución provincial reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición ou a ampliar a convocatoria inicial, co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar un segundo obradoiro.

O número de accións formativas poderá ampliarse no caso de que a empresa adxudicataria oferte un prezo unitario por obradoiro inferior ao de licitación.



Décima. Orzamento e financiamento

10.1. A contía consignada para este programa ascende a cento vinte mil (120.000,00) euros, con cargo á aplicación 18/231.2311.227.07 do Orzamento común do organismo provincial, sen prexuízo de que este crédito poida ser ampliado.

Concederase un obradoiro por entidade solicitante, ata un máximo de 100.

10.2. O programa será cofinanciado pola institución provincial tal e como se especifica a continuación:

- Cada alumna ou alumno abonará a cantidade de seis (6,00) euros por curso
- A Deputación asumirá a cantidade restante que resulte do prezo de adxudicación

Décimo primeira. Publicidade

En toda a publicidade que se elabore como consecuencia da execución deste contrato farase constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLGS).

As entidades solicitantes poden dirixirse á seguinte dirección de correo electrónico: cohesionsocialexuventude@depo.es

Décimo segunda. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Décimo terceira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

- Bases de execución do vixente Orzamento provincial
- Orzamento provincial

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2018

A deputada delegada

O secretario

Digna Rosa Rivas Gómez

Carlos Cuadrado Romay